

# PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19

*CURSO 2021-2022*

## CPR ESTUDIO

### NIGRÁN



ESTE PLAN FOI REALIZADO SEGUINDO AS INSTRUCIÓNS DO PROTOCOLO DO 6 DE XULLO DE 2021. É REVISABLE E REVERSIBLE EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES MARCADAS POLAS AUTORIDADES SANITARIAS E EDUCATIVAS E DAS CARENCIAS QUE SE ATOPEN NA IMPLANTACIÓN DESTE.

## ÍNDICE

● MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA	4
● MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL	9
● MEDIDAS DE LIMPEZA	14
● MATERIAL DE PROTECCIÓN	19
● XESTIÓN DOS ABROCHOS XESTIÓN DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE	21
● MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO	22
● MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS	26
● MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO	27
● MEDIDAS DE USO DE COMEDOR	27
● MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS	29
● MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS	36
● MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA	37
● MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES DE FORMACIÓN PROFESIONAL	37
● NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEAE	38
● PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO	38
● MEDIDA DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO	39

## **ANEXOS**

- ANEXO 1: REGISTRO DE AUSENCIAS DO PROFESORADO/PAS POR SINTOMATOLOXÍA COMPATIBLE CON COVID 19.
- ANEXO 2: REGISTRO DE AUSENCIAS DO ALUMNADO POR SINTOMATOLOXÍA COMPATIBLE CON COVID 19.
- ANEXO 3: AUTOENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19.

## **MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA**

### **1) Denominación do Centro, enderezo e teléfonos.**

**CPR ESTUDIO**                    **CÓDIGO:**36020155

**Enderezo:** Barrio de Tomadas, Rúa das Laxes 31. CP: 36360 Chandebrito- Nigrán (PONTEVEDRA)

**Teléfono:**986 363 224

**Correo electrónico:** [colegioestudio@colegioestudio.es](mailto:colegioestudio@colegioestudio.es)

### **2) Membros do equipo COVID.**

**María Carnero Fernández- Feijóo** (Directora). **Coordinadora do equipo COVID, responsable da etapa de Educación Infantil e interlocutora coa administración.** Persoa de referencia á que se lle debe informar no caso de que un alumno alumna, familia ou profesorado de Educación Infantil teña sintomatoloxía ou fose diagnosticado da COVID 19. Será a encargada de incluír na aplicación informática a información do eventual afectado, contactos estreitos, compañeiros afectados, profesorado e outras persoas das que estea informada. Responsable da comunicación co Centro e coas familias do alumnado.

Suplente: Virginia Calviño Cancela

**Eva Lorenzo Fusté.** **Membro do equipo COVID responsable da etapa de Educación Primaria.** Persoa de referencia á quen se debe informar no caso de que un alumno, familia ou profesorado de Educación Primaria teña sintomatoloxía ou fose diagnosticado de COVID 19. Encargada, xunto cos outros membros e Secretaría, de distribuír e organizar o material, da súa contabilización e inventario e de certificar os consumos e gastos producidos.

Suplente: Enrique Meijide Lumbreras

**Gloria Mondelo Ferreiro.** **Membro do equipo COVID responsable da etapa de Educación Secundaria.** Persoa de referencia á quen se debe informar no caso de que un alumno, familia ou profesorado de Educación Secundaria teña sintomatoloxía ou fose diagnosticado de COVID 19. Encargada, xunto cos outros membros e Secretaría, de distribuír e organizar o material, da súa contabilización e inventario e de certificar os consumos e gastos producidos

Suplente: Javier Gago García

### **3) Determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe.**

Se durante a xornada lectiva, algún estudante inicia síntomas, levarase, con máscara cirúrxica, acompañado dun profesor, tamén con máscara cirúrxica, á sala de Secretaría ata que os seus pais ou titores veñan recollelo.

No caso de que un docente inicie sintomatoloxía compatible coa COVID no Centro, outro docente, con hora de substitución, suplirá a súa ausencia. O/A afectado/a informará ao equipo COVID e manterase en illamento preventivo domiciliario.

A sala estará preparada con panos desbotables, solución desinfectante, solución hidroalcohólica e papeleira de pedal. Conta cunha boa ventilación.

#### 4) Número de alumnos por nivel e etapa educativa.

Grupo	Nº alumnos
4º Educación Infantil	13
5º Educación Infantil	24
6º Educación Infantil	17
1º Educación Primaria	23
2º Educación Primaria	25
3º Educación Primaria	25
4º Educación Primaria	25
5º Educación Primaria	24
6º Educación Primaria	26
1º Educación Secundaria	26
2º Educación Secundaria	22
3º Educación Secundaria	24
4º Educación Secundaria	20

#### 5) Cadro de persoal do centro educativo

POSTO	Nº PERSOAS
Profesorado	23
Administración	3
Cociña e limpeza	7

**6) Determinación dos grupos estables de convivencia (infantil e primaria) e dos colaborativos na etapa de infantil, con asignación da aula, do alumnado, do profesorado que exerza a titoría e os especialistas que impartan materias ao grupo.**

Grupo	Aula	Profesorado que imparte
4º Educación Infantil	4º Educación Infantil	María Carnero Fernández- Feijóo, Paula Capilla Lorenzo, Fátima Rodríguez Alburquerque, Eva Lorenzo Fusté
5º Educación Infantil	5º Educación Infantil	María Janeiro Rey, Paula Capilla Lorenzo, Fátima Rodríguez Alburquerque, Eva Lorenzo Fusté
6º Educación Infantil	6º Educación Infantil	Virginia Calviño Cancela, Paula Capilla Lorenzo, Fátima Rodríguez Alburquerque
1º Educación Primaria	1º Educación Primaria	Fabiola Zarauza Ozores, Margarita Valladares, Juan Ojea, Karina Fernández, Enrique Mejjide, Ezequiel Villalba, Paula Capilla Lorenzo, Fátima Rodríguez Alburquerque
2º Educación Primaria	2º Educación Primaria	Karina Fernández Vázquez, Juan Ojea, Margarita Valladares, Enrique Mejjide, Ezequiel Villalba, Fátima Rodríguez Alburquerque, Paula Capilla Lorenzo, Paula Caride
3º Educación Primaria	3º Educación Primaria	Margarita Valladares, Juan Ojea, Enrique Mejjide, Beatriz Collazo, Karina Fernández, Ezequiel Villalba, Fátima Rodríguez Alburquerque, Paula Capilla Lorenzo, Paula Caride
4º Educación Primaria	4º Educación Primaria	Margarita Valladares Vaquero, Juan Ojea, Karina Fernández, Beatriz Collazo, Enrique Mejjide, Ezequiel Villalba, Fátima Rodríguez Alburquerque, Paula Capilla Lorenzo, Paula Caride
5º Educación Primaria	5º Educación Primaria	Beatriz Collazo Fernández, Eva Lorenzo, Enrique Mejjide, Margarita Valladares, Juan Ojea, Carla Soto Fernández, Karina Fernández, Fabiola Zarauza, Ezequiel Villalba, Paula Capilla Lorenzo, Paula Caride
6º Educación Primaria	6º Educación Primaria	Enrique Mejjide Lumbreras, Beatriz Collazo, Eva Lorenzo, Margarita Valladares, Karina Fernández, Fabiola Zarauza, Ezequiel Villalba,

Membros do Departamento de Orientación: Paloma García Rodríguez (Orientadora) e Eva Lorenzo Fusté (Especialista en AL-PT)

**7) Medidas específicas para os grupos estables de convivencia, con inclusión de medidas que xa figuren no protocolo das consellerías ou doutras, acomodadas á realidade do Centro e do grupo.**

-A máscara homologada é obrigatoria a partir dos 6 anos e altamente recomendable en Educación Infantil.

-As persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara estarán exentas de empregala, sempre que estea acreditado polo pediatra ou facultativo.

-Fomentarase a hixiene das mans frecuente e meticolosa (con auga e xabón durante polo menos 40 segundos ou con xel hidroalcohólico polo menos 20 segundos). Cando as mans estean visiblemente sucias, debe utilizarse auga e xabón.

-Evitarase tocar o nariz, os ollos e a boca.

-Cando unha persoa tusa ou esbirre, deberá cubrir o nariz e a boca co cóbado, sempre afastándose do resto das persoas. Nestes casos e no de tocar material susceptible de compartir, deberá realizar hixiene de mans ao momento.

-Debe manterse a distancia interpersonal de 1.5 metros.

-Ventilaranse o maior número de veces posible os espazos do Centro. Se o tempo o permite traballarase coas ventás abertas.

-Extremarase a orde nas aulas. Foron retirados todos aqueles mobles non necesarios para ampliar espazos. En cada unha delas haberá papel e solución desinfectante para poder desinfectar escritorios, cadeiras, material escolar.

- En Educación Primaria e ESO o alumnado desinfectará a súa mesa e cadeira en caso de ter sido usado con anterioridade.

-Os alumnos por norma xeral non compartirán material de uso propio con ningún dos seus compañeiros. En caso de ser necesario, realizarase tras unha adecuada hixiene de mans e desinfectarase o material.

-Portas, persianas, interruptores, mandos de PDI ... só serán empregados polos profesores e debidamente desinfectados antes e despois de cada uso.

En Educación Infantil formaranse pequenos grupos estables e o material empregado será desinfectado ou posto en corentena antes de ser usado de novo.

En EP a distancia mínima entre cadeiras orientadas na mesma dirección será de 1 metro.

En ESO a distancia mínima entre cadeiras orientadas na mesma dirección será de 1,2 metros.

O material será de uso individual. O alumnado debe permanecer no seu lugar durante os cambios de clase.

O profesorado pasará os primeiros minutos de cada mañá recordándolles aos estudantes estas medidas.

**8) Canle de comunicación para darlle a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias.**

A **canle principal** será **vía telefónica** á Secretaría do Centro **986 363 224**, quen transmitirá a información ao membro do equipo COVID que pertenza á etapa educativa do alumno. Este porase en contacto coa familia coa maior brevidade posible. Poderase empregar tamén o correo electrónico [mariacff@colegioestudio.es](mailto:mariacff@colegioestudio.es), [gloria@colegioestudio.es](mailto:gloria@colegioestudio.es) ou [eva@colegioestudio.es](mailto:eva@colegioestudio.es).

**10) Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado.**

O docente da primeira hora será a persoa encargada de rexistrar as ausencias que se produzan entre o alumnado no parte de asistencia de aula. A xefa de estudos será quen rexistre as faltas de asistencia do profesorado e do persoal.

Os pais/titores legais deberán comunicar a ausencia dos seus fillos/titorandos.

O equipo Covid levará rexistro dos casos sospeitosos ou positivos tanto do alumnado como do profesorado (ANEXOS 1 E 2).

**10) Procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas a través da aplicación informática.**

A coordinadora do equipo COVID cubrirá os datos necesarios a través da aplicación EDUCOVID.

Se cómpre, en caso de contar cun caso positivo no Centro, o equipo COVID contactará coa CSC.



MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

11) Esbozos da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou esbozo xenérico que sexa reproducibile nos restantes espazos. Identificación da posición do profesorado.





Plano tipo de colocación das aulas de Educación Infantil:

CURSOS: 4º EI

Nº DE ALUMNOS: 13

MEDIDAS DA AULA: 50,95 metros

GRUPOS COLABORATIVOS








CURSO : 4 ANOS

Nº ALUMNOS: 24

MEDIDAS DA AULA: 50,95 metros

GRUPOS COLABORATIVOS








CURSOS: 5 ANOS

Nº DE ALUMNOS: 16 POR AULA

MEDIDAS DA AULA: 50,95 metros

GRUPOS COLABORATIVOS



I

**Tipo de colocación das aulas de Educación Primaria:**

MEDIDAS DA AULAS: 50,95 m<sup>2</sup>

DISTANCIA ENTRE ALUMNADO: 1 m

DISTANCIA ALUMNO-DOCENTE: 2 m

A	A	A	A	A
A	A	A	A	A
A	A	A	A	A
A	A	A	A	A
A	A	A	A	A

DOCENTE
---------

**Plano tipo de colocación das aulas en Educación Secundaria:**

MEDIDAS DA AULAS: 55,89 m<sup>2</sup>

DISTANCIA ENTRE ALUMNADO: 1,2 metros desde o centro dunha cadeira á seguinte

DISTANCIA ENTRE ALUMNOS E DOCENTE: 2 metros

DOCENTE				
A	A	A	A	A
A	A	A	A	A
A	A	A	A	A
A	A	A	A	A
A	A	A	A	A

**12) Cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas, identificación de espazos ou salas para asignar a grupos.**

Todas as aulas de Infantil, Primaria e Secundaria teñen capacidade para albergar os pupitres colocados de xeito individual e, aínda que non é obrigatorio, cun metro de distancia en Primaria e 1,2m en Secundaria cando as cadeiras están orientadas na mesma dirección e 2 metros entre o profesor e os alumnos.

A superficie das aulas de Infantil e Primaria: 50,95 m<sup>2</sup>

Superficie das aulas en Secundaria: 55,89 m<sup>2</sup>

**13) Determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, Departamento de Orientación ou aulas especiais do Centro. Modelo de cuestionario de avaliación de medidas como anexo ao Plan (pódese utilizar un semellante ao que figura neste protocolo).**

As medidas adoptadas para o uso de espazos de PT /AL e Departamento de Orientación son as seguintes:

- Ratio máxima na aula de AL-PT de 5 alumnos (dun grupo estable de convivencia), tres alumnos de grupo estable máis un alumno doutro grupo ou dous alumnos de cada grupo estable respectando a distancia de 1,5m entre grupos, tendo presente sempre a presenza da especialista. Sitios fixos.
- Ratio máxima na aula de orientación de 4 alumnos (dun grupo estable de convivencia) respectando a distancia de 1,2m de centro a centro de cadeira interpersoal, e de 5 alumnos de grupo estable no caso de EP. En caso de que se mesturen grupos, a ratio máxima sería de dous grupos de dous alumnos de cada grupo ou dous grupos de 3+1, mantendo a distancia interpersoal de cada grupo de 1,2m (no caso de Secundaria) e a distancia entre grupos de 1,5m. Contando coa presenza da especialista. Sitios fixos.
- Máscara obrigatoria, incluído o alumnado de Educación Infantil. As especialistas procurarán empregar máscara transparente.
- Desinfección de mans na entrada e saída das aulas específicas.
- O material empregado será exclusivamente o da aula específica, incluídos os útiles de escritura. Desinfectarase todo o material empregado despois de cada sesión. Establecerase un punto limpo e outro sucio, que se desinfectará unha vez rematada a sesión ou quedará en corentena ata o día seguinte). O ordenador, teclado, rato e tableta desinfectaranse antes e despois de cada uso.
- Ventilación, de mínimo 15 minutos, antes e despois do inicio da xornada escolar e entre sesións. Dado que son espazos nos que se presta asistencia a un número elevado de varias etapas e cursos, procurarase manter ventilación cruzada o maior tempo posible.
- Os apoios realizaranse exclusivamente na aula de AL-PT ou por vía telemática, se a situación o demanda.
- Emprego de mampara á hora de realizar as valoracións e actividades que o precisen, ademais da máscara.
- Os elementos comúns: pomos, interruptores, persianas..., só poderán ser manipulador por unha persoa adulta.
- A comunicación coas familias será, sempre que sexa posible, por vía telemática. No caso de non ser posible, realizaranse con todas as medidas de protección, incluída a desinfección do útil de escritura.

#### **14) Determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias.**

As titorías coas familias serán fundamentalmente por vídeoconferencia ou por vía telefónica. Só en casos excepcionais, previa autorización do Equipo Directivo e tomando todas as medidas hixiénico sanitarias necesarias, poderanse facer de forma presencial.

#### **15) Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro.**

A comunicación coas familias será para notificacións individuais, telefónica ou a través de correo electrónico. Para comunicacións a grupos de clase, etapa ou a todo o Colexio continuarase empregando a plataforma Tokapp ademais da Web do Centro.

O contacto coas persoas alleas ao Centro será a través de Secretaría, sempre de xeito telefónico ou correo electrónico.

Os provedores entrarán pola entrada de servizo próxima ao almacén seguindo o protocolo de hixiene.

#### **16) Uso da máscara no Centro.**

O uso de máscara no Centro é obrigatorio en todo momento para o persoal. As máscaras deberán estar homologadas.

Para o alumnado maior de 6 anos é obrigatorio en todo momento.

Para os alumnos de Educación Infantil é moi recomendable pero non obrigatorio en ningún momento, agás o que acuda a aula de AL/PT e/ou Departamento de Orientación. Tomouse esta decisión como medida preventiva debido á maior itinerancia de alumnos.

Será necesario que traian máscara de reposto e que todas elas estean marcadas co nome do alumno e que dispoñan dunha bolsiña de tea ou bolso de cintura que levarán sempre colgada para gardala nos momentos nos que a retiran (merenda e comedor).

#### **17) Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa.**

O plan difundirase entre toda a comunidade educativa a través da Web do Colexio. Enviaráselles un breve resumo ás familias por Tokapp.

### **MEDIDAS DE LIMPEZA**

#### **18) Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario para limpar de xeito frecuente.**

O Centro conta con tres persoas da limpeza que limparán de xeito frecuente os baños, os pomos das portas, mostradores... Limparanse todas as aulas, despachos, salas de profesores, cocina, baños, Secretaría, corredores e escaleiras a diario.

Haberá unha folla de rexistro de limpeza en cada baño.

Desinfectaranse con maior frecuencia ao longo da mañá:

- Baños incluídos os do Pavillón.
- Pasamáns e pomos das portas.
- Aulas e zonas de uso común.
- Despachos.
- Salas de profesorado.
- Mostrador de Secretaría.
- Ventilación das aulas desde a saída do alumnado.

**19) Distribución horaria do persoal de limpeza.**

Quenda de mañá: 1 persoa de 9:30 a 13:30h.

Quenda de tarde: 2 persoas de 15:30 a 23:30h.

**20) Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza.**

O persoal de limpeza empregará de xeito OBRIGATORIO uniforme, luvas, máscara, zocos e mandil plástico.

Cada persoa terá o seu propio carro cos produtos necesarios para poder realizar a súa función da maneira máis eficiente.

Empregarase a sinalización necesaria para indicar a presenza de persoal de limpeza na zona que estea a ser desinfectada. Deberase esperar á realización das tarefas para poder utilizar o espazo.

**21) Cadro de control de limpeza dos aseos.**

Un para cada baño

DD/MM/AA	Firma da persoa encargada
Hora:	
Hora:	

**22) Modelo de *checklist* para anotar as ventilacións das aulas (para colocar en cada aula).**



## VENTILACIÓN AULA INFANTIL E PRIMARIA

AULA \_\_\_\_\_ MES \_\_\_\_\_

Porta sempre aberta. Preferentemente ventás abertas sempre. Ventilación frecuente de polo menos:

- 15 minutos ao inicio e ao remate da xornada (mañá e tarde)
- Na totalidade do recreo
- 5 minutos entre clase e clase
- De 2 a 5 minutos cada 15 a 20 minutos durante a clase

DÍA	9:25	10:15	11:05	11:50	12:20	13:10	13:55	14:20	15:30	16:15
1										
2										
3										
4										
5										
6										
7										
8										
9										
10										
11										
12										
13										
14										
15										
16										



17										
18										
19										
20										
21										
22										
23										
24										
25										
26										
27										
28										
29										
30										
31										



## VENTILACIÓN AULA DE SECUNDARIA

AULA \_\_\_\_\_ MES \_\_\_\_\_

Porta sempre aberta. Preferentemente ventás abertas sempre. Ventilación frecuente de polo menos:

- 15 minutos ao inicio e ao remate da xornada (mañá e tarde)
- Na totalidade do recreo
- 5 minutos entre clase e clase.
- De 2 a 5 minutos cada 15 a 20 minutos durante a clase.

DÍA	9:25	10:20	11:10	12:20	13:05	13:20	14:10	14:55	15:30	16:15
1										
2										
3										
4										
5										
6										
7										
8										
9										
10										
11										
12										
13										
14										
15										
16										
17										
18										

19										
20										
21										
22										
23										
24										
25										
26										
27										
28										
29										
30										
31										

As follas de rexistro serán recollidas e arquivadas polos membros do equipo COVID a final de mes. O equipo comprobará periodicamente que a ventilación das aulas sexa correcta.

**23) Determinación dos espazos para a xestión de residuos.**

Os panos desbotables que o persoal e o alumnado empreguen para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” serán refugados en papeleiras con bolsa e tapa. Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) depositaranse na fracción resto.

No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, o colector onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles será illado. Esa bolsa de lixo será extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto. Realizarase a debida limpeza e ventilación do espazo de illamento preventivo e do lugar de traballo da persoa que presentou síntomas coa maior brevedade posible.

**MATERIAL DE PROTECCIÓN**

**24) Rexistro e inventario do material do que dispón o Centro.**

O Equipo Directivo xunto co Equipo Covid e Secretaría serán os responsables de inventariar todo o material de protección do que o Centro dispón. Para iso, crearase un apartado

específico dentro da sección de xustificación de gastos do concerto “Outros gastos de funcionamento”, no que se dará conta dos custos de materiais debido á situación Covid-19.

O Centro dispón de mamparas de protección de separación de metacrilato para o Comedor de Secundaria e dúas mamparas de protección que se atopan situadas, unha no mostrador de Secretaría e outra no Departamento de Orientación para poder realizar as valoracións do alumnado con seguridade, xa que neses casos non é posible gardar a distancia debida. Tamén conta con:

- Máscaras cirúrxicas para o profesorado e persoal PAS e para algún caso de necesidade.
- Dispensadores de xel hidroalcohólico en todas as aulas do Centro, comedor, entradas, Secretaría, salas de reunións, despachos e baños.
- Dispensadores de xabón e papel en todos os cuartos de baño.
- Rolos de papel desbotable en todas as aulas e salas.
- Papeleiras con tapa e algunhas con pedal.
- Solución desinfectante de superficies pertencentes a lista de virucidas publicada polo Ministerio de Sanidade.

## **25) Determinación do sistema de compras do material de protección.**

Realizada a entrega do material de protección inicial, o aprovisionamento de máscaras tanto do profesorado como do resto do persoal do Centro, será de forma individual, considerando que na actualidade é un elemento de uso obrigatorio, aínda así poderá facerse uso das máscaras de reposto existentes no Centro en caso necesario.

O Colexio conta con provedores habituais de produtos de limpeza, desinfección e xel hidroalcohólico que servirán coa maior brevidade posible no caso de necesitalo.

## **26) Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición.**

En cada aula e espazo do Colexio (entrada, Administración, Secretaría, Comedor, salas de profesores, Laboratorio, Biblioteca) hai un dispensador de xel para a desinfección de mans e nas aulas, despachos e Comedor un difusor para a limpeza e desinfección de mesas, cadeiras, teclados, e tamén panos desbotables.

No caso de ter que realizar reposición dalgún destes materiais, os encargados serán o persoal de limpeza que llo comunicará a Dirección co fin de realizar a compra destes artigos.

Ademais calquera membro do persoal docente que se decate da falta dalgún material estará na obriga de comunicarllo á Dirección do Colexio.

### **27) A determinación das medidas pode ser referida á xenérica do protocolo das consellerías, unha propia do Centro ou unha remisión ao Plan de continxencia.**

Xenérica do “Protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”.

“8.1. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na “Guía de actuación ante la aparición de casos de Covid-19 en centros educativos”, e o “Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV-2 no ámbito educativo de Galicia”, cos seguintes supostos:

- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera persoa do centro que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia de menos de 2 metros do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara, os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.

- As persoas que teñan diagnóstico confirmado terán obriga de illamento durante 10 días. As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado deberán permanecer en corentena ata que obteñan o resultado negativo da PCR que se solicitará transcorridos 10 días do último contacto co caso confirmado. Se, polo motivo que fose, pasan 14 días do último contacto co caso confirmado e non se realiza a PCR, a corentena finalizará igualmente. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselles unha proba de Covid nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por Covid-19.

- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como do número de persoas e niveis educativos afectados, a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, da totalidade das persoas que integran un centro educativo.

8.2. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

8.3. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches aprobado pola resolución que dite para a regulación do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, que desenvolverá as medidas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a

distancia. Os centros deberán incorporar a sistemática prevista no plan de continxencia, naquelas cuestións que son da súa responsabilidade, ao seu propio Plan de Continxencia, previsto no Anexo III.

8.4. Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da 29 de 132 Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.”

**28) Deben determinarse as persoas que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa que serán as integrantes do equipo COVID.**

En caso de contar cun caso positivo no Centro, o coordinador COVID contactará coa CSC e cargará os contactos en EDUCOVID.

## **XESTION DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE**

**29) Canle de petición das solicitudes, de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso de persoal substituto.**

Segundo o “Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19...”

“9. Xestión das peticións nos supostos de vulnerabilidade

9.1. De conformidade coas recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para Covid-19 realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa. O servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección por coronavirus e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2”.

## **MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO**

**30) Determinación das entradas e saídas, organización destas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado.**

AS FAMILIAS: só poderán entrar no edificio escolar no caso de necesidade ou indicación do persoal do Centro, sempre cumprindo as medidas de protección e hixiene.

**\*AULA MADRUGA: de 8:00 a 9:00. Entrada pola porta principal**

**\*HORARIO DE ENTRADA XERAL AO COLEXIO: amplíase e será entre 9:00 e 9:25.**

**\*HORARIO DE SAÍDAS DO COLEXIO:**

14:20h 15:00h 15:30h 17:00h.

**\*ENTRADA E SAÍDA DOS ALUMNOS DE EDUCACIÓN INFANTIL:** realizarase pola **porta lateral da Educación Infantil**, directamente á súa aula.



**\*ENTRADA E SAÍDA DOS ALUMNOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA:**



Alumnado de EP:

-Accederá ao **patio**. Cada alumno acudirá á **área de xogo que lle corresponda ao seu grupo** mantendo a distancia de seguridade (terán paneis informativos nun lugar visible do patio para saber a zona que lles corresponde).

-No momento en que soa a campá irá cada curso ao cono que marca a súa fila respectando a distancia interpersonal.

-**Os días de choiva** todo o alumnado irá directamente á súa clase cando cheguen ao Centro.

**Porta da dereita: 1º, 2º, 3º e 4º**

**Porta do medio: Infantil**

**Porta da esquerda: Secundaria**

Haberá profesorado na entrada ao Centro e na entrada de cada aula.

Alumnado ESO:

Accederá directamente á súa aula.

**\*ASPECTOS XERAIS PARA TODAS AS ETAPAS EDUCATIVAS DO COLEXIO:**

-Tanto a entrada como a saída estarán escalonados, mantendo a distancia de seguridade entre alumnos de 1,5 metros e respectando as quendas establecidas.

-Sempre que nos movamos polo Centro debemos respectar as marcas no chan que indican dirección, camiñando pola marxe dereita.

-Non se pode permanecer no recinto escolar unha vez que os nenos/as son deixados e recollidos, evitando así multitudes innecesarias.

**31) Determinación das portas de entrada e saída, das circulacións no centro educativo, uso de elevadores, núcleos de escaleiras, etc**

-As portas de entrada e saída estarán debidamente identificadas con cartelería.

- Os sentidos de circulación polos corredores e o único bloque de escaleiras do Colexio estarán sinalizados con frechas no chan:

Escaleiras: lateral dereito subida e lateral esquerdo baixada.

Corredores: entradas polo lateral dereito e saídas polo lateral esquerdo

- O uso do elevador por parte do alumnado e profesorado non está permitido, salvo dificultades importantes na mobilidade, e sempre con autorización do Equipo Directivo e de xeito individual. Si o empregará o persoal de limpeza, que viaxará sempre de xeito individual.

**32) Previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no Centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa localización.**

Contamos con 80 frechas que marcan a dirección que cómpre seguir nos corredores. Haberá ademais cartelería na entrada, nos patios, nos corredores e en cada unha das aulas. Nos cuartos de baño haberá carteis indicando a capacidade destes e con consellos para unha boa hixiene de mans.

**33) Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado.**

Contamos actualmente con tres liñas de transporte, dúas delas en microbuses, polo que a súa entrada non será moi numerosa. Á súa chegada ao Centro, terán preferencia para a entrada e farano sempre acompañados do persoal encargado de vixiar o transporte escolar, que os acompañará ata a entrada da súa etapa educativa.

**34) Assignacións do profesorado encargado da vixilancia.**



A continuación, a distribución de quendas do profesorado nas distintas etapas educativas: INFANTIL, PRIMARIA, SECUNDARIA.

Todo o profesorado iniciará a súa xornada as 9:00h, co fin de facilitar e vixiar os desprazamentos do alumnado polo Colexio.

### QUENDA EDUCACIÓN INFANTIL 2020/2021

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>RECREO 11:50-12:20</b>	2 profesores	2 profesores	2 profesores	2 profesores	2 profesores
<b>RECREO COMEDOR 14:30h- 15:00h</b>	2 profesores	2 profesores	2 profesores	2 profesores	2 profesores
<b>15:00-15:30</b>	2 profesores	2 profesores	2 profesores	2 profesores	2 profesores
<b>SAÍDA 17:00</b>	1 profesor por aula	1 profesor por aula	1 profesor por aula	1 profesor por aula	1 profesor por aula

### QUENDA EDUCACIÓN PRIMARIA 2020/2021

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>RECREO 11:50-12:20</b>	2 profesores	2 profesores	2 profesores	2 profesores	2 profesores
<b>COMEDOR 14:30- 15:00</b>	2 profesores	2 profesores	2 profesores	2 profesores	2 profesores
<b>RECREO COMEDOR 15:00-15:30</b>	2 profesores	2 profesores	2 profesores	2 profesores	2 profesores
<b>SAÍDA 17:00</b>	3 profesores	3 profesores	3 profesores	3 profesores	3 profesores

## QUENDAS EDUCACIÓN SECUNDARIA 2020/21

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
<b>RECREO 11:10-11:30</b>	1 profesor Con choiva 2 profesores	1 profesor Con choiva 2 profesores	1 profesor Con choiva 2 profesores	1 profesor Con choiva 2 profesores	1 profesor Con choiva 2 profesores
<b>RECREO 13:05-13:30</b>	1 profesor Con choiva 2 profesores	1 profesor Con choiva 2 profesores	1 profesor Con choiva 2 profesores	1 profesor Con choiva 2 profesores	1 profesor Con choiva 2 profesores
<b>RECREO COMEDOR 15:20-15:30</b>	2 profesores	2 profesores	2 profesores	2 profesores	2 profesores
<b>SAÍDAS 17:00</b>	3 profesores	3 profesores	3 profesores	3 profesores	3 profesores

### MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS

**35) Previsións en relación co programa de madrugadores ou de actividades previas ao inicio da xornada. As medidas e determinacións que figuren no Plan deberán ser coordinadas coa ANPA ou concello que preste ou organice o servizo, e incorporaranse a este Plan.**

Contamos con Aula Matinal, a cargo dunha profesora do Centro. Actualmente, conta con tan só 5 nenos polo que se manterá sen dificultade a distancia de seguridade, ventilarase o espazo con frecuencia e vixiarase que haxa tanto unha adecuada hixiene de mans coma desinfección de materiais.

No caso de que os alumnos almorcen no Centro, manterase a ventilación cruzada como norma nese intre, ademais dunha hixienización tanto dos postos, útiles empregados e lavado con auga e xabón das mans antes e despois do almorzo.

**36) Previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor. Deberán ser coordinadas co organizador do servizo.**

Cada actividade extraescolar contará co seu protocolo aprobado polo equipo COVID. Achegaranse todos como Anexos a este Plan.

Ao rematar o servizo de comedor os alumnos acudirán á zona do patio que lles corresponde (a mesma ca a do recreo da mañá) e serán vixiados por profesorado do Centro con quedas asignadas.

### **37) Determinacións para as xuntanzas de ANPAs e Consello Escolar.**

Estas realizaranse de xeito virtual a través da plataforma Zoom.

### **38) Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias.**

As titorías coas familias serán fundamentalmente por videoconferencia ou vía telefónica. Só en casos excepcionais, previa autorización do Equipo Directivo e tomando todas as medidas hixiénico sanitarias necesarias, poderanse facer de forma presencial.

### **39) Normas para a realización de eventos.**

Non está prevista a realización de ningún evento. En caso de mellorar a situación sanitaria e decidir realizar algún evento, crearase un protocolo que necesitará ser aprobado polo Equipo COVID e achegárase como Anexo a este Plan.

## **MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO**

### **40) Establecemento de medidas de entrada e saída dos vehículos no centro educativo, establecemento dun espazo de espera para o alumnado transportado. Criterios de ser o caso de priorización do alumnado para o uso do transporte.**

Os únicos vehículos que poden entrar no recinto do Centro son os do persoal.

Contamos actualmente con tres liñas de transporte, polo que a súa entrada non será moi numerosa. Á súa chegada ao Centro, terán preferencia para a entrada e farano sempre acompañados do persoal encargado de vixiar o transporte escolar, que os acompañará ata a entrada da súa etapa educativa.

Pola tarde, agardarán en liña a chegada do seu autobús. Terán preferencia de saída con respecto ao alumnado que marcha en transporte individual. Haberá profesorado nas portas de saída realizando un control desta.

As azafatas non accederán ao edificio escolar. Baixaranos do autobús ordenados por cursos. Os últimos en baixar serán os de Educación Infantil e serán acompañados por fóra ata a porta lateral correspondente á súa etapa.

## **MEDIDAS DE USO DE COMEDOR**

### **41) Establecemento de quedas para o uso de comedor. Determinación dos lugares ocupados polos comensais. Priorización do alumnado sobre o resto do persoal do centro.**

Ampliación do espazo do Comedor, incluíndo neste o corredor lateral.

Só se poderá acceder ao Comedor nas quendas establecidas de cada curso para comer. O persoal de Comedor será o único que pode facer uso do microondas. Hixienizaranse as mans tanto antes de entrar como na saída do Comedor.

Os grupos estables de convivencia de Infantil e Primaria poden comer agrupados sen respectar a distancia de 1,5 metros, porén tratarase de respectar a máxima distancia, en oblicuo, sen estar encarados e separando os grupos por 1,5 metros un do outro. Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado tendo en conta a súa disposición na aula ordinaria. Realizarase un rexistro dos lugares que ocupa cada neno.

O alumnado gardará a súa máscara nunha bolsa de tea ou bolso de cintura unha vez no Comedor e volverá poñela unha vez que saia.

As quendas serán as seguintes:

- |   |       |
|---|-------|
| ● Educación Infantil                            | 13:30 |
| ● 1º, 2º, 3º, 4º, 5º E 6º de Educación Primaria | 14:20 |
| ● Educación Secundaria                          | 15:00 |

O profesor/persoal serve a auga.

Ed. Infantil entra e sae polo Comedor.

1º EP come no corredor de Secretaría e entran directamente. De 2º a 6º EP entran con cada profesor polo patio.

3º ESO come no corredor de Secretaría e entran directamente. 1º, 2º e 4º ESO entran polo patio.

Comedor de profesores: cada un desinfecta o seu posto e prepara e recolle o seu servizo.

O alumnado deixará a súa mochila, unha vez finalizada a xornada de mañá, nas súas aulas. Unha vez rematado o recreo de comedor subirá ordenadamente, e acompañado por un profesor, á súa aula para recoller as súas pertenzas e volverá, da mesma maneira, á porta de saída. Subirase ás aulas ás 15:20h.

#### **42) Previsión sobre o persoal colaborador, tendo en consideración que debe de ser o mesmo, durante as diferentes quendas.**

Contaremos sempre co persoal de Cociña e dous profesores nas quendas de Educación Infantil e Primaria e un na quenda de Secundaria.

#### **43) Previsión sobre o persoal de cociña e a limpeza desta.**

O persoal de Cociña constará de 4 persoas con xornada completa e unha a media xornada. Extremarase a limpeza e a desinfección tanto da Cociña como do enxoval, electrodomésticos e utensilios empregados en cada quenda. Cada día, despois de cada quenda, desinfectarase o mobiliario común (cadeiras e mesas) con desinfectantes e viricidas específicos.

## MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

**44) Realizaranse as previsións que sexan precisas noutros espazos do Centro tales como aulas especiais (Tecnoloxía, Música, Debuxo, Inglés, Laboratorios...) ximnasios, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluírán as normas de uso e limpeza.**

Sen prexuízo da aplicación das normas xerais expostas pola Consellería de Educación, no caso dos espazos mencionados a continuación, extremarase o protocolo de limpeza por tratarse de aulas compartidas.

Será obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas destas.

O material e mobiliario compartido será desinfectado ao inicio da actividade e unha vez rematada a clase, implicando ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.

Na medida do posible, substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material, agás na materia de Educación Física.

Sempre que as condicións metereolóxicas o permitan manteranse abertas as ventás durante as clases. Se non fose posible deberá ventilarse dez minutos antes de saír da aula e deixar cinco minutos máis unha vez entre o novo grupo.

Na medida do posible intentarase aproveitar o contorno natural que nos rodea para impartir as clases, mantendo as medidas hixiénicas e de distancia interpersonal, tanto nos desprazamentos coma na localización.

A situación dos alumnos na aula ou no exterior realizarase tendo en conta a súa disposición na aula ordinaria e intentando, sempre que sexa posible, na mesma situación.

En todas estas materias realizarase un rexistro da localización do alumnado na aula.

### **Aula de Tecnoloxía**

Dende o Departamento de Tecnoloxía adoptaranse as seguintes medidas de prevención para reducir o risco de contaxio entre o alumnado e o profesorado:

- Adaptarase a programación da materia para que se realicen traballos/proxectos de xeito individual.
- Cada alumno contará co seu propio conxunto de ferramentas contidas nunha caixa que se identificará por medio de etiquetas con nome e apelidos. Estas caixas terán o seu lugar específico de almacenaxe e cada alumno recollerá o seu de xeito ordenado seguindo unha orde concreta e individualmente.
- O alumnado limpará as mans con xel hidroalcohólico antes de acudir ás aulas de traballo.

- No Taller de Tecnoloxía o alumnado terá un posto fixo durante todo o curso (seguindo unha distribución similar á da aula ordinaria). Atópanse polo menos a 1,2m respecto dos próximos. Por tratarse de aulas compartidas entre dous grupos, os alumnos desinfectarán o espazo de traballo ao inicio e ao finalizar a sesión, sempre baixo a supervisión do docente.
- Se os alumnos teñen que utilizar algún tipo de ferramenta de xeito compartido, o profesor supervisará a desinfección destas entre uso e uso.

### **Aula de Música**

1. Dentro do posible, substituirase o emprego de materiais por outras formas ou actividades co fin de diminuír o contacto co material.
  2. Como norma xeral, intentarase que a maior parte das clases sexa na aula ordinaria, pero en caso de necesidade para o traslado á aula de Música tomaranse as medidas adoptadas na introdución.
  3. O traballo dentro da aula será de forma individual, pero cando a actividade o precise, permitirase a interacción grupal sen que os alumnos teñan que moverse das súas posicións ou cadeiras, simplemente traballarán coas persoas que teñen ao seu redor. Se o tempo o permite, algunha destas actividades colectivas se impartirán no patio.
  4. En caso necesario de traslado de material da aula de Música á aula ordinaria, colaborarán dous alumnos, axustándose ao protocolo de desinfección, tal e como se especifica na introdución.
  5. Traballarase con *boomwhackers*, instrumentos Orff ou ukelele, polo que as distancias de seguridade se manteñen dentro do estándar establecido.
  6. A disciplina de Coro será impartida na sala de Usos Múltiples. O alumnado de Primaria e o de Secundaria estará en cadeiras de cara ao profesor.
- O horario para asistir a esta disciplina vai ser por cursos:
- 1º, 2º e 3º de ESO, xoves no primeiro e segundo recreo de ESO, colocados por cursos coa súa separación correspondente e mantendo a distancia de seguridade pertinente entre o alumnado de mesmo curso.
  - 4º, 5º e 6º de Primaria, xoves no recreo de Primaria colocados da mesma forma que os grupos de ESO, para así respectar o protocolo de seguridade.
7. O número de alumnos que asistan en cada sesión será a que mantendo as distancias de seguridade permita a capacidade da aula.

8. De cara a ensaios colectivos, dentro do posible e se as circunstancias climatolóxicas o permiten, tamén se contempla a posibilidade de facelo no patio, monte ou pavillón.

### **Aula de Educación Plástica**

O acceso á aula de Plástica realizarase pola porta da dereita e as saídas pola porta da esquerda. Marcarase cada porta con iconas de entrada e saída respectivamente.

O alumnado sentarase en mesas de 3, a unha distancia de 1,5m, sempre nos mesmos postos. Non se poderá levantar se non é estrictamente necesario e sempre previo permiso do docente e, de ser o caso, mantendo a distancia de seguridade.

Os días que coincida un grupo detrás doutro alternarase de forma semanal o acceso á aula de Plástica co uso da aula ordinaria.

Os alumnado deberá levar o seu propio estoxo co material básico para traballar: lapis, borrador, pegamento, tesoiras e cores (ceras, marcadores...).

No caso de utilizar materiais diferentes aos existentes no estoxo, o profesor repartirao ou deixarao previamente preparado en cada mesa. Esta terá asignada as súas propias caixas de material identificadas con números. Ao terminar cada sesión de clase o profesor supervisará a desinfección daqueles materiais que fosen utilizados e manteranse illados un período de 24 horas dende o seu último uso.

### **LABORATORIO**

Debido á situación sanitaria actual, establécese o seguinte protocolo que regula o acceso e uso da aula de Laboratorio neste curso académico.

O alumnado só poderá acceder ao Laboratorio cando o profesor así o estableza, sendo este o responsable de abrir e pechar a aula. Na entrada da aula haberá xel hidroalcolico á disposición dos alumnos, que deberán desinfectar as mans á entrada e saída deste.

O material susceptible de ser empregado na práctica será estéril dun só uso ou, no caso de ser material funxible reutilizable, será desinfectado antes e despois do desenvolvemento da sesión práctica. Este material quedará en corentena de 48 horas, antes dun posible uso compartido deste por parte doutro grupo-clase.

Do mesmo xeito, desinfectaranse os mesados antes e despois de cada uso do Laboratorio, así coma o mobiliario dedicado á almacenaxe ou calquera superficie susceptible de contacto.

Manterase unha ventilación axeitada durante á realización das ditas clases na aula referida, así coma un mínimo de dez minutos antes e despois de realizar a sesión práctica; tarefa que xa se viña realizando debido ao uso de reactivos ou á formulación de reaccións

características das prácticas realizadas na dita aula.

Cómpre aclarar, sen prexuízo do mencionado anteriormente, que a aula de Laboratorio se caracteriza pola cooperación do alumnado, que divididos en grupos deben realizar as tarefas descritas no guiión de prácticas ou as indicadas polo profesorado. A realización de tarefas en grupo, na que é preciso compartir o material, resulta complicada, sobre todo nos cursos de ESO, debido á cantidade de alumnos por aula. Podería optarse pola realización dun traballo, porén existen dous inconvenientes: a necesidade de material específico para cada alumno e, por último, pero máis importante a nivel restritivo, as dimensións da aula.

As dimensións da aula de Laboratorio non permiten a realización de prácticas *in situ*, xa que non é posible cumprir coa separación entre alumnos establecida no protocolo elaborado pola Consellería de Educación, tendo en conta o volume de alumnos nas aulas da ESO, e a incapacidade de poder desdobralos.

Por mor do descrito anteriormente, e debido á imposibilidade do alumnado de asistir fisicamente garantindo unha separación de seguridade axeitada, as prácticas que sexan susceptibles de adaptación serán realizadas exclusivamente polo profesorado na aula ordinaria. Cómpre sinalar que o material que se utilice será unicamente transportado polo profesor responsable do laboratorio á aula ordinaria. Este transporte e o posterior desenvolvemento da práctica realizarase utilizando cubetas, previamente desinfectadas, nas cales se reproducirán os experimentos. Posteriormente á realización destes, desinfectarase a mesa do profesor ou o espazo empregado para a realización da actividade. Ademais cumpriranse todas as medidas preventivas características do laboratorio aplicadas á aula-clase. O profesor tamén poderá realizar as prácticas que impliquen unha maior complexidade e/ou perigosidade no laboratorio e gravalas, para posteriormente ser reproducidas e explicadas na aula. Tamén se contempla o uso de simulacións para explicar principios básicos das distintas actividades.

No caso de Primaria, ao ser posible realizar quendas alternativas coa metade da clase, existe a posibilidade de asistir ao Laboratorio para observar a realización desta, por parte do profesorado. Sempre mantendo a distancia de seguridade entre os alumnos e recordando as medidas preventivas antes descritas, de común cumprimento para todo o alumnado.

#### AULA DE USOS MÚLTIPLES


A aula de Usos Múltiples poderá ser utilizada baixo reserva previa. Ao non contar con mobiliario o único requisito será a súa ventilación previa e posterior.

#### PAVILLÓN:

- O acceso ao pavillón realizarase sempre en ringleiras mantendo a distancia de seguridade entre o alumnado.



- Accederase a este pola porta de entrada e habilitarase unha das portas de emerxencia traseiras para a saída, para evitar o contacto con alumnado que acceda aos baños.
- As bancadas utilizaranse coa separación de 1,5m , cunha marcaxe nestas dos lugares onde sentar e onde non.
- Nas 4 sesións nas que coincide un grupo de Primaria e un de ESO con clase de Educación Física, dividirase o pavillón en dúas zonas independentes para non entrar en contacto ambos os grupos.
- O pavillón manterá as 3 portas abertas para favorecer a ventilación constante.
- Nos baños soamente poderán estar á vez 2 alumnos, e non se permitirá beber das billas, cada alumn@ poderá levar ao pavillón a súa botella de auga debidamente marcada ou identificada.
- O fluxo de movementos no pavillón defínese no seguinte plano:



#### ACTIVIDADES:

- Primaranse as actividades ao aire libre sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan.
- Realizaranse adaptacións en todas as actividades para manter a distancia de seguridade nestas, e minimizar o uso de material compartido.
- Ao finalizar as actividades desinfectarase o material utilizado para seguintes sesións.
- Os petos serán de uso individual e levaranse á cociña tras a súa utilización para ser lavados.

- Como norma xeral utilizarase sempre a máscara de protección en todas as actividades, agás que a actividade sexa no exterior, de maneira individual, a máis de dous metros, e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica.

#### AULA DE INFORMÁTICA

Cada alumno disporá dun auricular propio. Estes gardaranse en bolsas individuais co nome de cada persoa.

Ao finalizar a clase desinfectaranse os teclados e ratos utilizados en cada sesión.

Todos estes espazos limpanse diariamente polo persoal de limpeza, ademais cada alumno que entre novo na aula debe desinfectar o posto que vai ocupar ao entrar e ao saír.

#### **45) Existirán determinacións específicas para a materia de Educación Física.**

Regulado no punto anterior.

#### **46) Regularase o proceso de cambio de aula ou a visita á aula especial ou espazos de uso educativo.**

No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado. A saída será ordenada e continua, de xeito individual e en ringleira, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de xeito individual gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

Se houbese outro grupo na nova aula, agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

No caso do alumnado usuario do DO, as especialistas recollerán e devolverán os alumnos que acudan a este, ou a aula de AL/PT, nas súas aulas ordinarias, mantendo a distancia interpersonal e as sinalizacións dos espazos comúns.

#### **47) Biblioteca: Función de préstamo de libros**

A Biblioteca terá como función principal o préstamo de libros que se realizará da seguinte forma:

#### HORARIO:

PRIMARIA: martes, mércores e venres.

SECUNDARIA: luns, mércores e venres

O alumnado terá a obriga de hixienizar as mans ao entrar e saír da aula e manter a distancia de seguridade entre eles a hora de solicitar o libro.

O préstamo de libros realizarase de xeito habitual, é dicir, 15 días para devolver o libro, e tamén a renovación deste en caso de non finalizar a súa lectura.

Aínda que non é obrigatorio, unha vez devolto o libro, este permanecerá en caixas identificadas e illadas un mínimo de 24 horas antes de volver os andeis.

Ao rematar, os/as usuarios/as da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

Aplícanse na Biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

#### **48) Poderanse asignar grupos de aseos a alumnado de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro.**

Cada grupo utilizará o aseo asignado á súa etapa educativa e sempre cun máximo de dous alumnos por cada un.

No caso de que os recreos se deban realizar no interior do Centro, o uso dos aseos será igual ao resto da xornada escolar. En caso de empregar os baños do pavillón no patio, os docentes encargados da vixilancia establecerán rotacións para vixiar a capacidade e a hixiene destes.

### **MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS**

#### **49) As determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase pormenorizadamente no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis e coas previsións propias para os grupos estables de convivencia.**

O horario de recreo continúa a ser o mesmo, ao contar con suficiente espazo para a división do patio por grupos de convivencia estable.

Priorizarase a realización dos recreos no exterior.

En **Educación Infantil**. Haberá tres zonas de xogo e a entrada e saída serán secuenciadas. Haberá tres filas de entrada (3 anos na porta, 4 anos baixo a ventá, 5 anos ao lado do cerco). En días de choiva un grupo en Psicomotricidade, un grupo en Multisensorial ou na zona de patio cuberta e un grupo no corredor. Estes espazos rotaranse semanalmente.

En **Educación Primaria**, o recreo dividirase en seis zonas que rotarán semanalmente.

- Montaña e xogos centrais.

- Randeeiras.
- Campo de herba verde e xogos diante do Comedor.
- Campo lateral.
- Campo de fútbol grande.
- Lateral de herba do pavillón e na pérgola.

Cando soe a campá, cada clase irá ao cono que marca a súa fila e distanciarase un brazo do compañeiro de diante.

Os días de choiva 5º e 6º: na clase e 1º, 2º, 3º e 4º: no pavillón.

En **Educación Secundaria** o patio estará dividido en 4 zonas, unha para cada curso.

- Campo de herba verde e xogos diante do comedor.
- Campo lateral.
- Campo de fútbol grande e pérgola.
- Zona central e montaña cos xogos do chan.

Os alumnos de 4º ESO non poderán tomar o bocadillo no Comedor.

Os días de choiva, en cada descanso, 2 grupos arriba (un curso no corredor e outro na súa aula) e dous no patio (debaixo da cuberta). Alternarán durante semanas se é a súa quenda no primeiro ou segundo recreo.

A entrada e saída ao patio farase de forma ordenada e graduada, serán acompañados e recollidos por un docente.

Os días de choiva, cada alumno merendará no seu pupitre. Hixienizará a súa mesa e mans antes e despois de facelo.

Procurarase poñer música, realizar actividades de movemento sen desprazamento para intentar que os alumnos poidan descargar parte da súa enerxía.

Non se poden entregar detalles ou lambetadas nos aniversarios.

Permitirase o uso de balóns, cordas e gomas de uso exclusivo dun mesmo grupo de convivencia estable.

### **MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DOS DOUS PRIMEIROS CURSOS DE PRIMARIA**

**51) Incluiranse previsións sobre a metodoloxía na aula, o uso de baños que estean situados na mesma. Tamén figurarán determinacións sobre o traballo en recantos e de uso do material da aula.**

En Educación Infantil formaranse pequenos grupos estables, sentados sempre no mesmo sitio, e o material empregado será desinfectado ou posto en corentena antes de ser usado por outro grupo. Ademais, cada alumno contará cunha caixa de material individual (lapis, cores, tesoiras, plastilina...).

Aínda que non é necesario, nos primeiros cursos de EP a distancia mínima entre cadeiras orientadas na mesma dirección será de 1 metro. O material será de uso individual. Os alumnos/as deben permanecer no seu sitio durante os cambios de clase.

Os aseos limpiaranse dúas veces ao día e terán un capacidade máxima de dous alumnos.

**52) A maiores das previsións xerais sobre recreos existirá unha previsión específica para os xogos e actividades para o tempo de recreo. Incluirase unha previsión sobre o tempo de merenda.**

O patio está dividido en tres zonas de xogo. Conta con xogos pintados no chan e permitirase o uso de balóns e cordas.

A merenda tomarase na clase, cada neno terá un manteliño individual para delimitar o espazo. Cando o tempo e a autonomía dos nenos o permita merendarase no patio.

#### **MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA USO DE LABORATORIOS E TALLERES DE FORMACIÓN PROFESIONAL**

**53) Nas previsións de uso destes espazos deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios/as alumnos/as e protocolizarse en función das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención.**

Atópase especificado no epígrafe 45 (Laboratorio)

#### **NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE**

**54) O equipo COVID, en colaboración co Departamento de Orientación establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEAE.**

As explicacións individuais que precise o ANEAE non se prolongarán máis alá dos quince minutos, e intentarase, na medida do posible, manter a distancia de 1,5 m.

Aos alumnos con TDAH facilitaráselles o permiso para dar unhas voltas no Corredor cando a súa impulsividade requira de movemento e descarga. Os docentes comprobarán que non realiza a saída máis dun alumno á vez.

Consideramos que o resto de alumnado con NEAE poden seguir as directrices xerais deste plan.

Os apoios realizaranse, como norma xeral, no Departamento de Orientación, co fin de evitar ter contacto cos grupos estables. No caso de que se considere que a especialista deba entrar na aula ordinaria extremaranse as medidas de hixiene e protección.

**55) Particularizanse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado. As medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia.**

As particularidades do noso alumnado con NEAE non precisan de coidados especiais, son autónomos.

#### **PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO**

**56) Para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos estableceranse as medidas que sexan oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles. Existirán previsións para o uso de máquinas de vending ou cafeteiras.**

Sempre que entremos nunha Sala de Profesores ou no Comedor de profesorado será necesario o uso do hidroxel.

Nas salas de profesores a capacidade máxima será de 4 persoas en EI, 5 personas en EI e 8 persoas en ESO, sentadas sempre coa máxima distancia posible, previa desinfección do posto que se vaia ocupar. Sempre que sexa posible a ventá estará aberta, en caso contrario, debe abrirse 10 minutos cada hora, e 10 minutos antes de abandonar a sala, esta debe ser ventilada por un dos ocupantes. Na saída desinfectarase tanto o espazo de traballo (cadeira, mesa) coma o material común empregado (ordenador, impresora...).Deixarase un espazo interpersoal dunha cadeira.

No Comedor do profesorado, cada un desinfectará o seu posto ao marchar e preparará e recollerá o seu servizo.

No descanso para o café cada un debe acudir na súa quenda e NON SUPERAR OS 15', preparará a súa bebida tendo en conta que é importante manter a distancia interpersoal de 1,5m. Sempre que sexa posible, a ventá estará aberta; en caso contrario, esta debe abrirse 5-10 minutos cada hora e 5-10 minutos antes de abandonar a Sala esta debe ser ventilada por un dos ocupantes.

**59) O centro incluírá previsións para acomodar ás situacións máis seguras a reunión dos órganos colexiados do Centro, mediante o uso, de ser o caso, de ferramentas de comunicación a distancia.**

As reunións de departamento e claustros celebraranse de forma presencial, e para asegurar a distancia de seguridade serán na Biblioteca ou na aula de Plástica.

As reunións da ANPA e do Consello Escolar celebraranse de xeito virtual a través da plataforma Zoom.

**58) De conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19. No plan existirá unha previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2.**

O equipo COVID debe asegurarse de que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa.

Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores, que a súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.

Comunicaráselle (incluída a publicación na Web) a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a resolución de dúbidas por vía telefónica ou telemática. Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene e que a información sexa actualizada.

Deseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción desta fronte a COVID. As actividades deben ser incluídas de maneira transversal nos programas de actividades de educación e promoción da saúde que xa se estaban a desenvolver no Centro. Todos os días practicarase e recordaranse as medidas hixiénico-sanitarias que se deben de levar a cabo:

- . Colocación correcta das máscaras.
- . Correcto lavado de mans.
- . Desinfección dos seus pupitres e cadeiras.
- . Uso da alfombra desinfectante nas diferentes entradas ao Centro.
- . Tusir e esberrar utilizando o cóbado de barreira.
- . Manter a distancia social tanto na clase coma nos traslados polo centro.
- . Evitar levarse as mans á cara.

Desenvolveranse iniciativas innovadoras para dinamizar e promover hábitos de vida activa e saudable a través de diversos programas: Plan Proxecta, Contratos-programa...

As actuacións irán encamiñadas a implantar:

Hábitos de alimentación saudable.

Vida activa que inclúa a actividade física no día a día e ao longo da vida.

Prevención, hixiene e promoción de hábitos de hixiene

**59) O Plan regulará a difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación. Así mesmo en colaboración co centro de saúde de referencia incluírá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección. Establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro.**

Todo a información referente ao COVID-19 que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación será publicada na Web do Centro.

As actividades que propoña o Centro de Saúde serán realizadas de forma telemática ou presencial e difundidas entre a Comunidade Educativa.

**60) O plan determinará o profesorado que, en función do seu coñecemento e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais, a comunicación coas persoas asesoras de Abalar ou Edixgal e coa UAC. O persoal docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes.**

A profesora Karina Fernández será a encargada de coordinar a implantación das aulas virtuais, a comunicación coas persoas asesoras de Abalar ou Edixgal e coa UAC.

**61) O plan poderá conter aquelas previsións existentes no documento de “instrucións de inicio de curso” aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa.**

Daremos a coñecer e atenderemos entre a nosa comunidade educativa e o noso alumnado, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do Centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as e decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.
- c) Recabar información acerca da dispoñibilidade na casa de medios telemáticos



d) Ao longo do mes de setembro e outubro volveranse a traballar de forma intensa as novas tecnoloxías a partir de terceiro de Primaria, co fin de que o alumnado poida ter unha destreza axeitada con elas no caso de modalidade non presencial. O alumnado de 1º de EP e o novo alumnado de EP e ESO será dotado dunha conta de correo electrónico do centro. O alumnado de Primaria a partir de 3º curso, realizará, por cada materia, de maneira polo menos mensual, unha tarefa na casa a través de Classroom, plataforma que será empregada pola totalidade do noso Centro educativo.

**63) O “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa. Será obxecto de difusión na paxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas.**

Este documento será publicado na Web do Centro antes do inicio da actividade lectiva.

#### **ANEXO 1: REXISTRO DE AUSENCIAS DO PROFESORADO/PAS POR SINTOMATOLOXÍA COMPATIBLE CON COVID 19**

<b>CENTRO EDUCATIVO: CPR ESTUDIO – NIGRÁN (PONTEVEDRA)    DATA DE NOTIFICACIÓN:</b>
<b>PERSOA DO EQUIPO COVID Á QUE SE LLE COMUNICOU:</b>
<b>NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR AFECTADO:</b>
<b>POSTO QUE OCUPA:</b>

<b>SINTOMATOLOXÍA:</b>
<b>ACUDIU AO MÉDICO:</b>
<b>DIAGNÓSTICO FINAL:</b>
<b>INICIO DA CORENTENA:</b>
<b>MEDIDAS ACONSELLADAS:</b>
<b>CONTACTOS ESTREITOS NO CENTRO:</b>

**ANEXO 2: REXISTRO DE AUSENCIAS DO ALUMNADO POR SINTOMATOLOXÍA COMPATIBLE CON COVID 19**

<b>CENTRO EDUCATIVO: CPR ESTUDIO – NIGRÁN (PONTEVEDRA)    DATA DE NOTIFICACIÓN:</b>
<b>PERSOA DO EQUIPO COVID Á QUE SE LLE COMUNICOU:</b>
<b>NOME E APELIDOS DO ALUMNO AFECTADO:</b>

<b>ETAPA EDUCATIVA:</b>	<b>CURSO:</b>
<b>SINTOMATOLOXÍA:</b>	
<b>ACUDIU AO MÉDICO:</b>	
<b>DIAGNÓSTICO FINAL:</b>	
<b>INICIO DA CORENTENA:</b>	
<b>MEDIDAS ACONSELLADAS:</b>	
<b>CONTACTOS ESTREITOS NO CENTRO:</b>	

**ANEXO 3: AUTOENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19**

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta [no seu/súa médico/a ou pediatra.](#)

<b>Presentou nos últimos días?</b>		<b>SI</b>	<b>NON</b>
<b>Síntomas respiratorios</b>	<b>Febre maior de 37,5°C</b>		
	<b>Tose seca</b>		
	<b>Dificultade respiratoria</b>		
<b>Outros síntomas</b>	<b>Fatiga severa (cansazo)</b>		
	<b>Dor muscular</b>		
	<b>Falta de olfacto</b>		
	<b>Falta de gusto</b>		
	<b>Diarrea</b>		

**Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.**

		<b>SI</b>	<b>NON</b>
<b>CONVIVIU nos últimos 10 días?</b>	<b>cunha persoa Covid-19 + confirmado?</b>		